

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

*RESOLUCIÓN do 30 de outubro de 2018 pola que se modifica parcialmente a Resolución do 19 de xullo de 2018 pola que se adxudican as axudas do anexo II, modalidade B, da Orde do 30 de abril de 2018, conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.*

A Orde do 30 de abril de 2018 (DOG núm. 98, do 24 de maio) establece as bases reguladoras e a convocatoria das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación (en diante, Gain), en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva.

Pola Resolución do 19 de xullo de 2018 (DOG núm. 144, do 30 de xullo), concedéronse as axudas da modalidade B ás entidades que contraten as persoas seleccionadas para unha praza do Programa de apoio á etapa de formación posdoutoral que se relacionan no seu anexo I.

A competencia para resolver estas axudas correspóndelle á persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, de acordo co artigo 11 da convocatoria.

En consecuencia, atendendo á renuncia recibida na Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional,

#### RESOLVO:

Primeiro. Aceptar a renuncia da modalidade B das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral presentada pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), correspondente a Eduardo Manuel González Ferreiro.



Segundo. Aceptar a renuncia presentada pola Universidade de Vigo (UVigo), correspondente a José Santiago Pozo Antonio, que figuraba en primeiro lugar na lista de agarda.

Terceiro. Adxudicar unha nova axuda á UVigo para a contratación da persoa investigadora que se indica a seguir, que figuraba no segundo lugar da lista de agarda, de acordo co artigo 18 da convocatoria:

Nº expediente	Univ.	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI	Rama de coñecemento	Nota avaliación
ED481B 2018/019	UVigo	Delgado	Núñez	Cristina	****324Z	Ciencias	79

Cuarto. Actualizar a lista de agarda para determinar posibles substitucións.

Nº expediente	Univ.	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI	Rama de coñecemento	Nota avaliación
ED481B 2018/027	USC	Rodríguez	Outeiro	Luis	****202H	Ciencias Sociais e Xurídicas	78
ED481B 2018/003	USC	Ferreiro	Vila	Elías	****518A	Ciencias	77

Quinto. Redistribuír o crédito destinado ao financiamento destas axudas entre as universidades do SUG, segundo a renuncia e a nova incorporación, tal e como se indica na seguinte táboa:

Aplicación orzamentaria	Universidade	Nº de axudas	Crédito (en euros)				
			2018	2019	2020	2021	Total
10.40.561B.444.0	UDC	1	10.605,56	39.000,00	28.394,44	0,00	78.000,00
10.40.561B.744.0			5.000,00	10.000,00	10.000,00	0,00	25.000,00
<b>UDC</b>			<b>15.605,56</b>	<b>49.000,00</b>	<b>38.394,44</b>	<b>0,00</b>	<b>103.000,00</b>
10.40.561B.444.0	USC	12	127.266,72	468.000,00	340.733,28	0,00	936.000,00
10.40.561B.744.0			60.000,00	120.000,00	120.000,00	0,00	300.000,00
<b>USC</b>			<b>187.266,72</b>	<b>588.000,00</b>	<b>460.733,28</b>	<b>0,00</b>	<b>1.236.000,00</b>
10.40.561B.444.0	UVigo	7	63.633,36	271.838,89	209.366,64	1.161,11	546.000,00
10.40.561B.744.0			35.000,00	70.000,00	70.000,00	0,00	175.000,00
<b>UVigo</b>			<b>98.633,36</b>	<b>341.838,89</b>	<b>279.366,64</b>	<b>1.161,11</b>	<b>721.000,00</b>
<b>Total</b>			<b>301.505,64</b>	<b>978.838,89</b>	<b>778.494,36</b>	<b>1.161,11</b>	<b>2.060.000,00</b>

As axudas concedidas financiaranse con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 e anos sucesivos e imputaranse ao Plan galego de



financiamento universitario para o período 2016-2020, polo que a anualidade de 2021 se integrará no novo plan de financiamento para os anos seguintes.

Sexto. A data de comezo do contrato será o 12 de novembro de 2018.

Sétimo. A entidade beneficiaria deberá remitir un escrito de aceptación da axuda á Secretaría Xeral de Universidades no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG e vinculará a persoa seleccionada aos seus organismos mediante a formalización do correspondente contrato.

Oitavo. O artigo 14 da orde de convocatoria establece que as entidades beneficiarias e contratantes das persoas seleccionadas serán as encargadas de presentar as xustificacións correspondentes adecuadas á normativa comunitaria e nacional de aplicación e serán as perceptoras dos fondos para o pagamento dos contratos.

Segundo o establecido no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen que se presentase esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá o beneficiario para que, no prazo improrrogable de dez días, a presente. A falta de presentación da xustificación comportará a perda do dereito ao cobramento parcial ou total da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

Noveno. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 19 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2018

Carmen Pomar Tojo  
Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

